

# PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA  
CURSO 2024/25

# Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA .....	3
2.1. Sensibilización da Comunidade Educativa.....	3
2.2. Análise e diagnóstico da situación do contexto.....	4
2.3. Concreción do Plan. ....	7
2.3.1. Obxectivos xerais do Plan de Convivencia.....	8
2.3.2. Obxectivos específicos.....	9
2.3.3. Actuacións.....	9
2.3.4. Medidas e programas. ....	10
A/ Organización Xeral da convivencia no centro. ....	12
1. Normas de convivencia do centro.....	12
2. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.....	16
3. Comisión de Convivencia. ....	20
4. Coordinador de benestar e convivencia.....	21
5. Aula de convivencia Inclusiva .....	23
6. Protocolos específicos.....	25
B/ Actuacións anuais do Plan de Convivencia.....	26
2.3.4 Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan. ....	27
2.3.5 Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan. ....	27
2.3.6 Difusión do plan.....	27

## 1. INTRODUCCIÓN.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de **Educación**, na que se establece a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento.

No artigo 124 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables e caso de incumprimento das normas de convivencia.

Como se nos sinala no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

*“A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.”*

## 2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

### 2.1. Sensibilización da Comunidade Educativa.

No Plan de Orientación e Acción Titorial do centro, consideramos que a orientación forma parte da educación en tanto que é un proceso de axuda e preparación para a vida, de cara a lograr unha maior integración escolar, persoal e social; deste xeito, ten como principal misión posibilitar que todos os cidadáns desenvolvan na escola as súas potencialidades ao máximo e que elaboren un proxecto de vida persoal e unha formación integral. A orientación, baixo esta perspectiva, engloba aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino- aprendizaxe e á toma de decisións. Tendo en conta que unha das principais funcións do titor é **orientar ao seu alumnado**, este Plan de Convivencia proporcionaralles axuda para orientalos en aspectos tales como as **habilidades sociais, a formación da autoestima e autoconcepto positivo, a asertividade, a resolución pacífica de conflitos...**en definitiva, centrarse no desenvolvemento da competencia emocional e social.

Entre os principios fundamentais destacar:

- Entendemos a convivencia como a capacidade de interactuar cos diferentes grupos sociais de xeito asertivo, respectando os dereitos dos outros.
- Partimos de que un bo plan de convivencia ten que deseñarse sobre obxectivos Preventivos.
- Entendemos como conflito a confrontación que se produce entre diversos intereses. O conflito en si mesmo non ten porque ser negativo. A actitude coa que se enfronta a un conflito é máis importante que a do conflito mesmo.
- Para conseguir os obxectivos é fundamental a colaboración e cooperación sempre dende unha perspectiva de flexibilidade preparada para o cambio.
- Dentro da convivencia debemos prestar atención a unha realidade recente no noso contorno: a interculturalidade.

Para unha maior sensibilización da Comunidade Educativa algunhas das ferramentas a utilizar poden ser: a repartición de trípticos, xornadas de portas abertas, formación en convivencia escolar....

## **2.2. Análise e diagnóstico da situación do contexto.**

- ***Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.***

O CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA, atópase no Concello de As Pontes de García Rodríguez, sito no Noroeste de Galicia, na comarca do Eume na provincia de A Coruña. Non obstante a súa situación entre comarcas colócao nun envexable enclave xeográfico, entre as bisbarras da Terra Cha, Ferrolterra e Ortegá, sobrepasando mesmo o ámbito provincial en canto á súa zona de influencia de Xermade, xa en Lugo.

O Concello de As Pontes limita ao Norte con Ortigueira e Mañón, ao Sur cos de Monfero e Xermade, e ao Oeste coa Capela, As Somozas e San Sadurniño, e con Muras ao leste.

A extensión do concello, de case 250 quilómetros cadrados, convérteno no máis grande da provincia da Coruña.

A poboación do municipio chega aos 9.974 habitantes, asentada principalmente no núcleo urbano.

A economía baséase fundamentalmente na industria, pero aínda conservan peso propio sectores como a agricultura ou a gandería. Tamén o sector forestal, que, aínda que non é un dos piares económicos, si é importante, con case sete mil metros cúbicos producidos anualmente de piñeiro e carballo.

Dende que, a principios dos 70, Endesa se implantou en As Pontes, non se entende á vila sen a obrigada referencia ao carbón, en calquera alusión á industria.

Actualmente xa entrou en servizo unha nova central eléctrica que pasará a fornecerse de gas para a produción de electricidade, no que será un ciclo combinado de 800 megabatios.

O 19 de agosto de 2023 Endesa recibiu autorización do Ministerio de Transición Ecolóxica para clausurar as instalación das Pontes.

O concello suma tamén tres parques industriais, o de Penapurreira, o dos Airíos, recentemente ampliado e o da Cruz das Cabezas.

É fundamental sinalar que nos últimos anos incrementouse notablemente a presenza de inmigrantes na vila, procedentes de Marrocos, Portugal, Bulgaria, Rumanía...

As dependencias escolares están repartidas en dous edificios dentro dun mesmo recinto. Atopándose nun estado óptimo de conservación.

O Centro ten serias dificultades en torno ás barreiras arquitectónicas debido á configuración estrutural do edificio sendo un aspecto importante a ter en conta á hora de escolarizar nenos ou nenas con problemas motóricos importantes. (Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade).

Na etapa de Educación Infantil contamos con catro mestras Especialistas en Educación Infantil. Na etapa de Educación Primaria contamos con seis Mestres Titores de Primaria, un Especialista de Inglés, un Especialista de Educación Física, unha Especialista de Música e unha Mestra de Relixión (en réxime de itinerancia).

No Departamento de Orientación contamos cunha especialista en Audición e Linguaxe, unha especialista en Pedagogía Terapéutica, e un Orientador (Con centro compartido).

- ***Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.***

Aínda que todos os documentos que rexen a xestión e organización do centro van influír na convivencia (dende o PE ata as programacións de aula) destacar como documentos máis directamente relacionados coa convivencia os seguintes:

- ***As normas de funcionamento e convivencia (NOFC).*** Neste documento recóllense as normas concretas de actuación. Polo tanto partimos deste documento para a elaboración do plan de convivencia. (Ver documento NOFC)
- ***Plan de Acción Titorial.*** Este Plan inclúe numerosas actuacións para a mellora da convivencia. As accións levadas a cabo, tanto a nivel individual como a nivel grupal, co alumnado, profesorado e familias ten unha incidencia moi importante nas relacións da comunidade educativa.
- ***Plan de Atención á Diversidade.*** É o documento no que se articula a atención á diversidade. Neste plan concretanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro

docente deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado; o que contribúe o benestar deste último, do profesorado e das familias sendo por tanto un elemento importante que incide na convivencia no centro.

- **Plan de Orientación.** Este plan é un instrumento básico, para intentar dinamizar o proceso pedagóxico-didáctico dende o centro educativo. Nel se recollen os aspectos propios da orientación, as tarefas e función dos seus componentes, os obxectivos a acadar coa comunidade educativa e plan de traballo tanto do Departamento de Orientación coma dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Este documento ademais inclúe o Plan xeral anual de atención á diversidade.
- **Plan de acollida.** Enténdese coma o conxunto de medidas educativas que os centros levan a cabo para conseguir a adaptación do alumnado procedente do estranxeiro que chega a un centro. A finalidade do mesmo é facer dos primeiros días no centro unha situación máis fácil e máis humana e, en consecuencia, lograr con máis facilidade a súa integración escolar.
- **Plan de Convivencia.** Este é o documento por excelencia no que se recollen todas as medidas en materia da convivencia. Este plan pretende gardar coherencia e concretar liñas de actuación cos documentos antes citados. Polo que moitas das súas propostas están interrelacionadas ou xa figuran nalgún dos documentos mencionados anteriormente.

- ***Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.***

En xeral, a situación actual da convivencia no noso centro entre o alumnado, o profesorado e as familias é boa.

- ***Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.***

Os problemas de convivencia poderíanse agrupar nos seguintes:

- Agresións físicas reais ou finxidas: Beliscar, trabar, golpear, empurrar...destruír obxectos.
- Apropiación indebida de obxectos que pode ir desde esconder pertenzas, facerse cun obxecto pola forza, ata o “roubo”.
- Absentismo escolar que pode ser puntual, intermitente ou inicial.
- Agresións verbais: disputas, insultos, ironías malévolas.
- Diversas formas de rexeite.
- Perda de respecto entre iguais e os adultos.
- Agresións contra os adultos: desobediencia, infracción das regras, etc.

- Acoso escolar.
- A disrupción escolar é dicir condutas que alteran o correcto funcionamento do proceso ensino-aprendizaxe. Por exemplo:
  - a) Falta de rendemento que se caracteriza por una grande pasividade, distracción, falta de atención, desinterese por aprender e un sentimento de apatía cara a todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
  - b) Todas aquelas condutas que van dirixidas a “molestar na aula” (falar na clase, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...
  - c) Non deixar explicar ao profesor, gastar bromas que interrompen na clase, molestar a alumnos que si queren traballar, etc.
  - d) Absentismo (chegar tarde, faltar a determinadas clases, marcharse do aula sen permiso, mentir para non ir á clase ...
- Dentro de cada apartado debemos considerar a frecuencia con que se producen eses problemas e as consecuencias que deles se poden derivar. Entre as principais causas que producen estes, son:
  - Falta de motivación e chamadas de atención.
  - Dificultades de aprendizaxe.
  - Falta de colaboración, implicación e autoridade por parte das familias.
  - Pouco diálogo individual titor/-a - alumno/-a, familias-alumno/-a e titor/-a--familias.
  - Falta de habilidades do manexo da aula por parte do profesor.

- ***Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.***

Dende o centro favorecemos a participación e colaboración dos diferentes membros da comunidade educativa mentalizándoos de que o xeito de para empezar a solucionar un problema é ir contra o problema e non uns contra outros. Neste aspecto incidimos nas reunións globais de principios de curso en cada nivel.

Dende o Departamento de Orientación facilítase información ao profesorado sobre a importancia de levar a cabo unha metodoloxía cooperativa, onde os nenos colaboran uns con outros, intercambian opinións, coñecementos...Tamén se orienta ao profesorado na importancia de establecer as normas de aula de forma consensuada.

### **2.3. Concreción do Plan.**

Os axentes responsables da convivencia no centro serán:

- A Comunidade Educativa.

- O Consello Escolar.
- A Comisión de Convivencia
- O Claustro de profesores.
- O Equipo Directivo.
- Os órganos de coordinación docente.
- O coordinador/a de benestar e convivencia
- O Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **2.3.1. Obxectivos xerais do Plan de Convivencia.**

Tendo en conta o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establécense os seguintes obxectivos xerais

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar a convivencia no centro entre os membros da comunidade educativa.
- Previr o acoso entre iguais.
- Formar aos alumnos e alumnas na convivencia.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave.



- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

### **2.3.2. Obxectivos específicos.**

- Contribuír a unha convivencia pacífica no centro (orde, tranquilidade, boas relación dentro e fóra das aulas, actitude de traballo...)
- Concienciar aos membros da comunidade educativa que lograr un bo clima de convivencia no centro é labor de todos e todas.
- Axudar a asumir e practicar os valores cívicos e democráticos: o respecto polas persoas e os bens materiais, tolerancia, a solidariedade, os dereitos humanos, o coidado do medio ambiente, a igualdade efectiva entre homes e mulleres
- Aprender a resolver os conflitos de forma pacífica, primando o diálogo e o entendemento.
- Procurar que as medidas correctoras impostas sexan educativas e recuperadoras, e nonsó punitivas.
- Preparar para a vida social adulta a través da formación integral do alumnado.
- Formarse en habilidades para neutralizar o desgaste profesional.
- Favorecer o intercambio de información entre o centro- familias- alumnado.

### **2.3.3. Actuacións.**

As actuacións que imos levar a cabo estarán dirixidas a toda a comunidade educativa:

- Adaptar ao máximo os contidos e a metodoloxía ao nivel do alumnado.
- Ter en conta a atención á diversidade e aos casos de necesidades específicas de apoio educativo.
- Adaptar a distribución do alumnado na clase en agrupamentos flexibles, mobiliario...
- Crear un clima axeitado para mellorar a convivencia, utilizando como modelo ao profesorado: falar en ton de voz baixo; ser puntual, ser coherente, escoitar a todos e todas, esperar quendas...

- Implicar ao alumnado nas normas da clase e do centro, ver a súa importancia e as consecuencias que poden ter o seu incumprimento.
- Tomar medidas ante o incumprimento dunha norma por parte do profesorado presente, sen delegar esta función a outros compañeiros ou ao equipo directivo, en casos non reiterativos.
- Evitar expor cuestións individuais en grupo, evitando confrontación, avergoñamento e castigos emocionais entre membros da comunidade educativa.
- Intentar manter o autocontrol ante condutas desafiantes ou disruptivas do alumnado ou calquera outra persoa, para non fomentar a escala do conflito e chegar a perder a autoridade e o respecto.
- Posibilitar espazos e tempos para que calquera membro da comunidade educativa, expoña ou fale de problemas ou conflitos que xurdan.
- Dar a coñecer nas reunións xerais liñas xerais do Proxecto Educativo, metodoloxía, funcionamento e normas do centro. Informar ás familias sobre fenómenos como: acoso escolar e ciberacoso, consumo temperá de drogas, adicción ás novas tecnoloxías, etc; as consecuencias e posibles liñas para previlos.
- Actuar de xeito coordinado todo o profesorado do centro, establecendo unhas boas canles de comunicación cando xurdan problemas ou conflitos entre o alumnado.
- Estar atentos a síntomas de discriminación, acoso, adicións ... para atallalos asíña.

#### 2.3.4. Medidas e programas.

**Medidas organizativas:** O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, no seu artigo 18 sobre “Normas de organización e funcionamento” establece:

- 1) As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

- 2) Recollerán, ademáis, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.
- 3) Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes/as sexan menores de idade

**Medidas curriculares:** A acción titorial constitúe o marco fundamental para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo. A organización da aula, os vínculos de relación e comunicación, o axuste curricular, as estratexias metodolóxicas, as normas de aula, entre outras tarefas, son elementos que contribúen a que exista unha boa convivencia no centro.

Elementos transversais a traballar nas distintas áreas do currículo relacionados coa convivencia:

- Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes dos alumnos
- Actuacións para previr a violencia de xénero.
- Actividades de sensibilización da igualdade entre homes e mulleres.
- Actuacións para previr a discriminación
- Actividades de sensibilización pola non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Actuacións para previr o acoso e sensibilizar.
- Vixilancia en diferentes espazos e tempos.
- A educación en valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, os dereitos humanos, o respecto, o rexeitamento de todo tipo e violencia, entre outros.
- A educación para a convivencia tamén abarcará outros ámbitos como a educación ambiental, a educación sexual, a educación vial e o uso adecuado das TIC.

**Medidas de coordinación.** O Decreto 8/2015, no artigo 9, sobre Órganos de coordinación docente, establece: 1) Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito de competencias, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro. 2) En todo caso as medidas e os acordos

adoptados serán recollidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destas co P.E do centro e a PXA

### **Medidas complementarias para a mellora da convivencia escolar.**

**Programa de habilidades sociais e resolución de conflitos.** Elaborado e desenvolvido polo departamento de orientación, en especial co alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, e coa finalidade de mellorar a súa integración no centro. Aplicaranse en colaboración co profesorado titor, procurando implicar ao resto do profesorado e ás familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

### **Programa de actuación na aula de convivencia inclusiva. Explicado con mais detalle no apartado A5 deste plan.**

**Outros programas específicos.** Poderán desenvolverse, ademais, outros programas específicos, que supoñan a incorporación de aspectos relacionados con:

- Intelixencia emocional.
- Autoconcepto e autoestima.
- Mediación e resolución pacífica de conflitos.
- Dinámica de grupos.
- Traballo cooperativo.
- Educación afectivo sexual e igualdade entre homes e mulleres...

Ditas propostas estarán suxeitas as necesidades do momento.

## **A/ ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.**

### **1. Normas de convivencia do centro.**

As normas de convivencia terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

Referente a este aspecto sinalar os dereitos e deberes recollidos no NOFC en canto o profesorado, o alumnado e as familias.

<b>Persoal de Administración e servizos</b>	
<b>Dereitos</b>	<b>Deberes</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.</li> <li>• Desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.</li> <li>• Participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.</li> <li>• Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.</li> <li>• Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos tempos previstos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.</li> <li>• Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.</li> <li>• Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.</li> <li>• Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.</li> </ul>

<b>Profesorado</b>	
<b>Dereitos</b>	<b>Deberes</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todos os dereitos recoñecidos ao conxunto de traballadores.</li> <li>• Participar activamente na xestión do centro, por medio dos seus representantes.</li> <li>• Formar parte do claustro.</li> <li>• Solicitar reunión de claustro sempre que a petición sexa realizada por 1/3 do profesorado.</li> <li>• Ser respectados por todos os membros da Comunidade Educativa.</li> <li>• Participar como electores e elixibles nos órganos de goberno do centro.</li> <li>• Ter garantida a liberdade de cátedra.</li> <li>• Expoñer aos órganos de goberno as suxerencias, ideas e problemas que consideren convenientes.</li> <li>• Utilizar as instalacións e material do centro, respectando horarios e normas establecidas.</li> <li>• Convocar ás familias do alumnado cando o estimen oportuno, e celebrar as reunións programadas no Plan Xeral Anual.</li> <li>• Á renovación e perfeccionamento profesional dentro do centro, sempre que sexa posible a organización das actividades programadas para tal fin.</li> <li>• Exercer o dereito á folga.</li> <li>• Ser informado das comunicacións oficiais, actividades e incidencias do centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asistir puntualmente ao centro.</li> <li>• Cumprir coa vixilancia da entrada, recreos e gardas de tarde cando lle corresponda.</li> <li>• Cando por calquera motivo, se teña previsto faltar ao traballo, deberá comunicarse ao/á director/a con antelación, sen esperar a ser requiridos por este.</li> <li>• Celebrar as reunións programadas no PXA.</li> <li>• Convocar e falar coas familias do alumnado cando o estimen oportuno.</li> <li>• Informar ás familias da evolución académica do seu fillo/-a.</li> <li>• Cumprimentar os documentos académicos do alumnado da súa tutoría.</li> <li>• Levar control das faltas de asistencia do seu alumnado e solicitar xustificación das mesmas.</li> <li>• Avaliar ao seu alumnado respectando os criterios fixados polo claustro e cumprindo as datas establecidas.</li> <li>• Asistir aos claustros, reunións de nivel, comisións, etc, a que se estea adscrito.</li> <li>• Respetar e cumprir os acordos tomados polo claustro e consello escolar.</li> <li>• Programar a materia que imparte, preparar as súas clases, coordinar cos demais compañeiros/as de nivel, seguindo as directrices do Plan Xeral Anual e programas oficiais.</li> <li>• Impartir unha ensinanza obxectiva, sen dogmatismos e adoutramentos, que contemple ao/á neno/a como o centro do sistema educativo.</li> <li>• escoitar os problemas do alumnado e tratar de orientalos na busca de posibles solucións.</li> <li>• Respetar a liberdade de expresión do alumnado, recollendo as súas opinións, propostas ou reclamacións para trasladalas a quen corresponda.</li> <li>• Propiciar un clima de responsabilidade, de traballo e de esforzo que permitan que o alumnado desenvolva as súas capacidades.</li> <li>• Coidar que durante as horas de recreo o alumnado non quede na aula, despois das súas clases.</li> <li>• Gardar a confidencialidade dos datos académicos, sociais e familiares do alumnado</li> <li>• Gardar o debido segredo de todas as deliberacións e acordos que se suceden nas xuntanzas dos órganos directivos e das sesións de avaliación.</li> </ul>

<b>Alumnado</b>	
<b>Dereitos</b>	<b>Deberes</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.</li> <li>● Adquirir hábitos de hixiene e saúde.</li> <li>● Adquirir hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</li> <li>● Adquirir coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.</li> <li>● Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos .</li> <li>● Coñecer as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.</li> <li>● Formarse no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España e utilizar e coñecer de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, linguas cooficiais na nosa autonomía.</li> <li>● Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.</li> <li>● Coñecer as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.</li> <li>● Ser protexido contra agresións físicas ou psíquicas, en particular, en situacións de acoso escolar.</li> <li>● Ter dereito á privacidade dos datos académicos, sociais e familiares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Respectar e cumprir coas normas de convivencia que se establecen no NOFC.</li> <li>● Asistir con puntualidade as clases.</li> <li>● Participar e realizar as actividades propostas e orientadas ao desenvolvemento do currículo.</li> <li>● Traer o material e equipamento necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades propostas no Centro.</li> <li>● Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do centro.</li> <li>● Respectar as pertenzas dos demais.</li> <li>● Respectar o clima creado nas clases para o estudo ou traballo, tanto individual como en grupos.</li> <li>● Respectar e comprender as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.</li> <li>● Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá.</li> <li>● Respectar a todos os membros da Comunidade Educativa, especialmente aos seus mestres e compañeiros e compañeiras.</li> <li>● Asistir ao Centro coa hixiene e vestimenta adecuada.</li> <li>● Respectar o Proxecto Educativo do Centro.</li> <li>● Respectar as decisións dos órganos unipersoais e colexiados do centro, sen prexuízo de que poidan impugnalas cando estimen que lesionan os seus dereitos.</li> <li>● Participar e colaborar activamente co resto dos membros da comunidade educativa, a fin de favorecer o mellor desenvolvemento da ensinanza, da orientación e da convivencia do centro.</li> <li>● Coidar e utilizar correctamente os bens, mobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.</li> <li>● Non poderán acudir a clase con ningún elemento que poida distorsionar o normal desenvolvemento da</li> </ul>

	actividade lectiva, a non ser coa autorización do mestre titor ou especialista correspondente.
--	--

Pais/ nais	
Dereitos	Deberes
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Que os/as seus/súas fillos/as reciban unha educación integral tal como está definida no Proxecto Educativo e unha ensinanza de acordo cos programas vixentes.</li> <li>• Coñecer o funcionamento do centro e o modo como se aplica o Proxecto Educativo.</li> <li>• Recibir información periódica sobre a evolución dos/as seus/súas fillos/as nos aspectos académicos e no proceso de maduración afectiva, social e moral.</li> <li>• Colaborar co profesorado, en orden a promover conxuntamente a formación integral dos alumnado de acordo co que se establece no NOFC.</li> <li>• Formar parte da Asociación de Pais e Nais de Alumnos/as e participar nas reunións e actividades que esta organice.</li> <li>• Participar na xestión do centro por medio dos seus representantes no consello escolar.</li> <li>• Celebrar reunións no centro para tratar asuntos relacionados coa educación dos seus/súas fillos/as, previa autorización do/da director/a.</li> <li>• Presentar propostas ou recursos ao órgano de goberno unipersoal ou colexiado, que corresponde en cada caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Procurar que os/as seus/súas fillos/as teñan unhadisposición favorable cara o centro.</li> <li>• Velar porque os/as seus/súas fillos/as acudan ó centro con puntualidade, hixiene e descanso suficiente.</li> <li>• Procurarlles aos seus fillos/-as o material necesario.</li> <li>• Velar porque o seus fillos/fillas realicen as tarefas propostas dende o centro.</li> <li>• Interesarse polo rendemento e comportamento dos seus fillos/as.</li> <li>• Ter contacto co profesorado e asistir ás reunións programadas.</li> <li>• Respectar as horas de visita establecidas no centro.</li> <li>• Xustificar as ausencias dos/as seus/súas fillos/as cando padezan enfermidade contaxiosa ou estean en período de contaxio.</li> <li>• Responsabilizarse dos desperfectos que ocasionen aos/ás seus/súas fillos/as no centro.</li> <li>• Acudir ao centro cando sexan convocados polo consello escolar, equipo directivo ou profesorado.</li> <li>• Cumprimentar as enquisas, solicitudes ou calquera outro tipo de documento que lles solicite o centro, sempre e cando sexan de carácter obrigatorio.</li> <li>• Respectar os horarios lectivos para non interromper as clases.</li> <li>• Fomentar nos seus fillos/fillas o respecto cara ao profesorado e os seus iguais. Non falar mal deles diante do neno ou nena. Canalizar as críticas cara ao profesorado mediante diálogo con eles e co Equipo Directivo.</li> <li>• Establecer normas cos seus fillos/fillas e que aprendan a solucionar os conflitos de xeito pacífico e dialogante.</li> </ul>

## 2. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.

Tal e como se recolle no artigo 33 do citado Decreto 8/2015 de Convivencia recolle que as condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

### ❖ Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Son condutas **gravemente prexudiciais** para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:



- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade física, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

#### MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do epígrafe anterior.

#### ❖ Condutas leves contrarias á convivencia.

Son condutas **leves** contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, injuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.

### MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización dos traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por ata un período de unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### ACOSO ESCOLAR

De acordo co establecido na Lei 4/2011 (artigo 28), consideramos acoso escolar **calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza**. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015 de 27 de Xaneiro.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

### **Gradación das medidas correctoras.**

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e , de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

### **3. Comisión de Convivencia.**

A Comisión de Convivencia ten carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar ten asignadas o Consello Escolar.

A Comisión estará composta por:

- O seu presidente será a persoa responsable da dirección do centro.
- Representantes do alumnado.
- Representantes do Profesorado.
- Representantes das Familias.
- Representantes do persoal de Administración e Servizos.
- Coordinador de benestar e convivencia

Todos os representantes estarán representados na mesma proporción na que se atopan representados no Consello Escolar do centro.

Un dos seus integrantes actuará como secretaria ou secretario e levantará acta das súas reunións. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

As funcións da comisión de convivencia serán:

- Elaborar o Plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no Plan e normas de convivencia.
- Elevar ao Consello Escolar de cada centro e recoller na memoria anual da comisión de

convivencia, as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo, propostas polas escolas de nais e pais que poidan crear no centro e se contemplan no Plan de Convivencia.

Dentro da comisión de convivencia podemos establecer as seguintes funcións:

- O equipo directivo correspóndenlle as seguintes funcións:

- Elaborar, de ser o caso, o Plan de Convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da Comisión de Convivencia, mentres non estea constituído.
- Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

As **funcións da Dirección** en materia de convivencia, ademais das competencias que lle atribúe o artigo 132 da Lei Orgánica 2/2006:

- Garantir as condicións para que exista no centro un axeitado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que estableza a normativa ao respecto.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.
- A imposición das medidas correctoras, de conformidade co artigo 132 da LOE, que poderá delegar no Xefe/a de estudos, no titor ou nun profesor, nos termos legalmente establecidos.

- **As funcións/competencias da Xefatura de Estudos** como axente en materia de convivencia escolar son:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de Convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de Convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.
- Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- Organizar a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

#### **4. Coordinador/a de benestar e convivencia.**

De acordo coa **ORDE do 23 de agosto de 2023** pola que se establece esta figura nos centros docentes de Galicia, e segundo o seu artigo 2. a dirección do CEIP P. Santa María designou a coordinación de benestar e convivencia á xefa do Departamento de Orientación, de entre o profesorado do claustro,

por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria. A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente. E as súas funcións que, se recollen no artigo 3 da citada orde, son as seguintes:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e tutores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

A persoa designada coma coordinadora de benestar e convivencia deberá realizar un plan de traballo que se concrete anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

Para cada unha das accións concretarase, como mínimo, a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadados.

Nos centros públicos a dirección do centro, dependendo da dispoñibilidade horaria e das características e do tamaño do centro, poderá asignar ata un máximo de dúas sesións lectivas e dúas sesións das complementarias fixas á coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia para a realización das funcións recollidas no artigo 3.

## **5. Aula de convivencia Inclusiva.**

O funcionamento da aula de convivencia inclusiva regularase pola seguinte normativa: Artigo 8º do Decreto 229/2011 de atención á diversidade, artigo 19.3º da Lei 4/2011 de Convivencia e Participación da comunidade Educativa e polo artigo 25º do Decreto 8/2015, do 8 de Xaneiro, polo

que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

No noso centro as aulas de convivencia inclusiva, serán aquelas aulas para o alumnado que manifestando condutas disruptivas de xeito reiterado e despois de tomar medidas correctoras non deran resultado.

Esta aula non será estable, respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo, adaptándose as necesidades do centro.

### ***Obxectivos e finalidades desta aula***

- Axudar a adquirir unha boa disposición cara ás tarefas escolares e compensar as carencias que lles impiden ao alumnado a súa inclusión escolar.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol.
- Favorecer no alumnado a comprensión do alcance que teñen as súas condutas para si mesmo e para os demais e a importancia da responsabilidade das súas accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cara aos demais.
- Habilitar un espazo que lle proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo iso ao desenvolvemento das clases.

### **DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA**

1º Informe do titor /-a, oído ao profesorado implicado, recollendo as incidencias que impiden o desenvolvemento normal das actividades lectivas diarias de maneira reincidente, esgotando outras medidas. (Ver Anexo I)

2º Informe favorable do Departamento de Orientación para o estudo na comisión de convivencia.

3º Estudo por parte da comisión de Convivencia e recollida en acta das decisións tomadas.

4º Estudo das condicións por parte de xefatura, dirección e orientador / -a , para utilización da aula de convivencia:

- Buscar espazo.
- Fixar horarios.
- Fixar profesorado para a súa atención.
- Fixar criterios a seguir e obxectivos a traballar.



- Concretar as funcións do profesorado implicado. (O titor /-a debería propoñer os traballos a realizar , o mestre responsable da aula de convivencia supervisaría ditos traballos e xuntos farían a avaliación dos mesmos.)

- .....

5º Resolución por escrito das condicións da aula.

6º Información por escrito á familia e entrevista coa mesma, titor /-a, orientador /-a, e membro representante da comisión de convivencia.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a

## 6. Protocolos específicos.

Na páxina <http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal> podemos atopar os documentos

referentes aos seguintes protocolos:

- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- **Estratexia Galega de convivencia escolar 2025.**
- Protocolo de Protección de datos.
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento educativo do Acoso escolar e Cibercoso.
- Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo
- Procedemento corrector de condutas.
- Protocolo de mediación
- Protocolo para a diabetese.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica no ámbito educativo. Addenda de atención ao alumnado con diabetes.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá
- Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia

## **B/ ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

- Revisar as estratexias e procedementos de información, participación e toma de decisión utilizadas nos órganos unipersoais e colexiados do centro para mellorar as estruturas e canles de participación.
- Coidar as relacións entre o profesorado e do profesorado coas familias, de xeito que constitúan un modelo para as relacións cos temas de convivencia.
- Dar resposta aos conflitos que se producen no Centro e introducir as modificacións necesarias – para a regulación da convivencia do centro.
- Informar ás familias e titores legais en reunións de inicio de curso sobre aspectos xerais do Plan de Convivencia e NOF.
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.
- Mecanismos postos a disposición da Comunidade Educativa por parte da Xunta de Galicia.
- CONTRATOS- PROGRAMA. Programas para a mellora do éxito escolar do alumado. Inclúen unha actuación para a “Mellora da convivencia”.
- PLAN DIRECTOR DE CONVIVENCIA E MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E NOS SEUS ENTORNOS: Colaboración entre o Ministerio de Interior, Delegación de goberno, Alta inspección e Consellería con competencias en materia educativa no ámbito da CA de Galicia.
- ESPAZO WEB NAVEGA CON RUMBO: Iniciativa encamiñada a que os/as escolares, naveguen con tino pola Rede, é dicir, con seguridade, evitando o ciberacoso e riscos de internet.
- ESPAZO ABALAR: Repositorio de recursos informáticos útiles para traballar a mellora da convivencia en centros.

### **2.3.4 Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan.**

A comisión de convivencia será o órgano colexiado do centro encargado de coordinar e avaliar as actividades propostas no plan. Será quen dinamice, revise e estableza medidas para o fomento da cultura da paz e a mellora da convivencia escolar.

### **2.3.5 Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan.**

Tal e como se recolle no artigo 16.3 do citado Decreto, que a comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, por proposta da comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia e esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

A avaliación ordinaria do Plan de Convivencia levarase a cabo a través das reunións da Comisión de Convivencia do Centro que se reunirá, con carácter ordinario cada trimestre e con carácter extraordinario sempre que sexa necesario.

Na avaliación ordinaria terase en conta:

- Os problemas que xurdiron, as medidas tomadas e os resultados.
- Plan de Convivencia e a necesidade de incorporar cambios na súa redacción.

### **2.3.6 Difusión do plan.**

Seguindo o artigo 17 do Decreto 8/2015, xa citado, o equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Unha vez aprobado pola comisión de coordinación pedagóxica e polo consello escolar, procederase a incorporación ao Proxecto Educativo.

Por outra banda, a Consellería de Educación, facilitará a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar

ANEXO I

**INFORME DO TITOR/-A PARA DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA**

Nome do alumno :

Curso:

Idade:

**MOTIVO POLO QUE SE DERIVA Á AULA DE CONVIVENCIA**

Incidencias:

Medidas adoptadas:

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a

As Pontes, a      de      de 20

O /A titor/a

